

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Contos da tradición oral de Galicia

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Conto: O sapo e o raposo [Sen clasificar / Not classified]

Eran o sapo e o raposo que atoparon un montón de trigo e non se daban posto de acordo para reparti-lo:

-Xa sei -dixo o raposo-, vamos facer unha aposta. O que primeiro lle corte o pescozo ó outro coa brosa dun golpe, quedase co trigo.

-Vale -dixo o sapo-. ¿Cómo facemos?

-Moi fácil. Pon a cabeza encima dese cepo e eu collo a brosa e douche; se cha corto, quedome eu co trigo pero se non cho dou cortado de todo, o trigo é pa ti.

-Pois xa está. Dálle -dixo o sapo.

E vai o sapo e puxo moi ben estirado o pescozo enriba do cepo mentres o raposo colleu a brosa coas dúas mans e deu con toda a forza que puido. Pero fallou. O pescozo do sapo quedou prendido por unha tira de pel. E, moi contento, berroulle ó raposo:

-¡Peliiche!

E dixo o raposo:

-¡E tu ganache moito!

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Información de Cayetano REIGOSA GACIO, Lindín, Mondoñedo (Lugo). Xaneiro de 1990.